



ORDE DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA POLA QUE SE ACORDA A ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A COMPRA DUN INMOBLE NO CONCELLO DE SARRIA PARA OFICINA DE EMPREGO SOLICITADO POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

Mediante a resolución do 20 de outubro do 2022, acordouse aprobar o expediente para a adquisición dun inmovible no concello de Sarria co obxecto de instalar unha oficina de emprego, polo procedemento de concurso público.

O 11 de novembro de 2022, este concurso foi publicitado no DOG nº 215 e no diario El Progreso. Dentro do prazo outorgado presentaron unha oferta D. Enrique Losada González e outros.

Tralas reunións das mesas de contratación do 20/12/2022, 22/12/2022, 26/12/2022 e 27/12/2022, acordouse propoñer a adxudicación do contrato de compra a favor dos anteriores ofertantes, por importe de 210.000,00 €, baixo a condición de que o inmovible se inscriba a nome dos propietarios previamente á formalización da escritura pública.

De acordo co anterior, e de conformidade co disposto no artigo 50 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 45.3 do Decreto 50/1989, e trala proposta da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio,

DISPOÑO

Primeiro

Acordar a adxudicación do contrato de adquisición da propiedade dun inmovible no concello de Sarria, polo importe total de 210.000,00 €, a favor de D. Enrique Losada González (34241053X), Dª Clara Marina Pereiro Rigueiro (76612192C), Dª Lucía Losada Pereiro (76580115M), Dª Mirian Losada Pereiro (76580114G) e D. Enrique Manuel Losada González (34268802K) e de acordo coa seguinte descrición segundo o Rexistro da Propiedade de Sarria-Becerreá:

URBANA: LOCAL COMERCIAL. Localización: rúa Formigueiros, nº 73-baixo Sarria. Superficie útil: 348,90 m². Lindeiros: tomando como frente a rúa Formigueiros, por donde se sitúa el portal del edificio: al frente, Rúa Formigueiros, caixas de escaleiras e ascensor e cuarto de contadores de electricidade: á dereita entrando, zaguán, anteportal e portal do edificio, caixa de escaleiras e Antonio Sánchez Colomo e irmáns; ao fondo, portal do edificio e rampa de acceso rodado e o seu zaguán de entrada e a esquerda entrando, zaguán de entrada da rampa de acceso rodado e camiño. Referencia catastral 99820E4PH2398S0005QQ. Inscrito no Rexistro da Propiedade de Sarria-Becerreá ao tomo 467, libro 216, folio 170, finca 23.635.





E de acordo coa seguinte distribución:

Titular	Importe
Enrique Losada González	60.900
Enrique Manuel Losada González	44.100
Clara Marina Pereiro Rigueiro	60.900
Lucia Losada Pereiro	22.050
Mirian Losada Pereiro	22.050

Segundo

A presente resolución queda sometida á condición resolutoria de que o inmovible se inscriba no Rexistro da Propiedade de Sarria-Becerreá a nome dos particulares adjudicatarios previamente á formalización da escritura pública de compravenda.

Terceiro

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un mes ante o conselleiro de Facenda nos termos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ser impugnada directamente no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital
O conselleiro de Facenda e Administración Pública
O secretario xeral técnico e do Patrimonio
(P. D. Orde do 15/12/2021, DOG do 24)

